



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Probos de Nivel de Inline Freestyle - Actualizado en 2026

PROBAS DE NIVEL DE INLINE FREESTYLE

1 OBXETIVO

Este evento está pensado para captar aqueles patinadores que queren poñerse a proba a si mesmos pero aínda non se senten preparados, ou non lles interesa participar en competicións; ademais, permite facer un seguimento do patinador sobre a súa habilidade actual en cada unha das modalidades. Convocarase dúas xornadas ao ano, o que permitirá certificar, oficialmente, o nivel no que se atopan os patinadores.

2 NORMATIVA XERAL

Hai ata 6 niveis distintos de dificultade, sendo o 1 o máis sinxelo e o 6 o máis complexo. Calquera patinador poderá presentarse e obter o nivel 1, pero todos aqueles que desexen examinarse dos seguintes niveis deben contar con licenza de Patinaxe Freestyle en vigor.

Os patinadores con licenza federativa poderán facer a proba do nivel que consideren, co mor de axilizar e evitar cansancio do participante. No caso de participantes non federados deberán inscribirse únicamente no nivel 1 e non poden optar nin facer ningún nivel superior nesa mesma convocatoria.

As inscricións realizaranse no apartado da intranet do club, na proba correspondente.

Un patinador pode presentarse a varias probas de nivel consecutivas nunha mesma xornada, sempre e cando sexa o nivel inmediatamente superior ao que teña realizado ese día, unha vez escollido un nivel de inicio non podes baixar niveles. Desde a FGP outorgarase un diploma que certifique o **APTO** do nivel superado, que deberá solicitarse na mesa de xuíces ao rematar cada nivel.

A normativa a seguir en cada unha das probas será a marcada no vixente Regulamento Nacional publicado pola RFEP; non se fai distinción por categoría, e só haberá diferenza por sexo na proba de salto.

3 NORMATIVA ESPECÍFICA

3.1 IF - SPEED SLALOM

Cada participante terá 2 roldas para tentar facer un tempo inferior ao marcado polo nivel que lle corresponda.

Aos 5 conos “tirados” a rolda considerárase nula, e por debaixo de 5 cada cono “tirado” equivale a unha penalización de 0,2”.

3.2 IF - SALTO

Cada participante terá un máximo de 3 intentos para tentar superar a altura do listón marcada polo nivel que lle corresponda.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Probas de Nivel de Inline Freestyle - Actualizado en 2026

3.3 IF - DERRAPES

Cada participante terá un máximo de 5 roldas para tentar realizar os derrapes segundo os mínimos marcados polo nivel que lle corresponda.

O derrape considerárase válido se se mantén durante 3 metros.

3.4 IF - CLASSIC / BATTLE

Cada participante terá 60 segundos para tentar realizar os trucos segundo os mínimos marcados polo nivel que lle corresponda.

A zona de proba será igual á de Battle e non se terá en conta nin o *footwork* nin a parte artística, só se os trucos están correctos e perfectamente validados con 4 conos de duración ou, nas figuras de xiro, 3 voltas completas.

É importante destacar que a figura non se dará por válida se se “tiran” ou “saltan” conos durante a súa execución, xa que o que se avalía nesta proba é que o truco estea o máis controlado posible. Por iso, a cada cono non realizado ou desprazado reiniciarase o recuento da duración do exercicio. Por exemplo, se se realiza un truco e se tira o segundo cono, será necesario ampliar a figura outros 2 conos ata completar os 4 obrigatorios.

A Coruña, a 15 de febreiro de 2026



Fdo. José Manuel Lago Varela
Comité Gallego de Patinaxe Freestyle

ANEXO - TABOA DE REFERENCIA DE NIVEIS

Nivel	Modalidade	Speed Slalom	IF - Salto (cm)		IF - Derrapes	IF - Classic / Battle
			Fem	Masc		
		15"	30	40	Realizar 2 derrapes de calquera familia	Realizar 3 trucos de polo menos 2 familias
		10"	50	60	Realizar 2 familias e polo menos 1 a 5 rodas	Realizar 1 truco de cada familia
		7"	70	80	Realizar 2 familias e polo menos 1 a 5 rodas e 1 de nivel D ou superior	Realizar 1 truco de cada familia e polo menos 2 de nivel D ou superior
		6,5"	90	100	Realizar 2 familias e polo menos 2 derrapes de nivel C ou superior	Realizar 1 truco de cada familia e polo menos 2 de nivel C ou superior
		5,5"	95	115	Realizar 3 familias e polo menos 1 derrape en nivel B ou superior	Realizar 1 truco de cada familia e polo menos 2 de nivel B ou superior
		4,8"	105	125	Realizar 4 familias e polo menos 1 derrape en nivel A	Realizar 1 truco de cada familia e polo menos 2 de nivel A ou superior